



CRITERIO COMPLEMENTARIO

SOLICITANTE NO ÁMBITO DE INFLUENCIA CO CENTRO

“A proximidade da residencia do alumno ao centro é, sen dúbida, un elemento fundamental na integración globalizadora do concepto educativo no eido da formación social e da conexión do individuo coa súa máis cercana comunidade. É ben coñecida a relevancia que, no desenvolvemento da personalidade do menor, ten o seu hábitat, polo que se está na procura de integrar o centro na súa vida, impulsando deste xeito o valor superior da educación, entendida no seu plano máis amplo.

É por iso que en cumprimento e desenvolvemento do artigo 24 da Orde do 21 de outubro de 2022, o Consello Escolar deste centro adopta o seguinte acordo:

Establecer como criterio complementario a residencia habitual ou familiar da alumna/o solicitante na área de influencia do centro. Poderá e deberá acreditarse esta situación polos mesmos procedementos expostos no Orde do 21 de outubro de 2022 e demais disposicións legais que o desenvolven. A puntuación que se engadirá será 1 punto”.

Carballo, 01 de marzo de 2024.

Marta Rodríguez Corral (Directora do CEIP Plurilingüe de Nétoma Razo).